

Exp. 188/2021

CARLOS JAVIER FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 21.05.2021 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“.....

6.2. Aprobación dun convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia para o desenvolvemento do 'Plan integral de loita contra a pobreza e a exclusión social. Ano 2021' (Exp. 188/2021)

O alcalde dálles conta aos membros da Xunta de Goberno Local do borrador de convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia, para o desenvolvemento do 'Plan integral de loita contra a pobreza e a exclusión social' no Concello de Toén no ano 2021, polo que se leva a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas, sendo de interese público, social e/ou humanitario.

A achega económica do Concello farase baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 22.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Toén. O alcalde xustifica a concesión directa no contido do propio texto do convenio, ao tratarse de axudas de emerxencia social pola situación de necesidade das familias que serán atendidas ao abeiro do convenio.

Visto o borrador do convenio e de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005; a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16.06.2020 (BOP núm. 151 do 03.07.2020), ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o borrador do convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia, con CIF G15859911, para o desenvolvemento no Concello de Toén do 'Plan integral de loita contra a pobreza e a exclusión social. Ano 2021' que se reproduce como anexo a este acordo.

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto recollido no dito convenio por importe de 750,00 €, en concepto de subvención nominativa á Fundación Amigos de Galicia, con CIF G15859911, representada por Jesús Busto Peteiro, con DNI ***0610**, baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello, por razón de emerxencia social. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do obxecto do convenio de colaboración. A subvención satisfarase con cargo á aplicación 231.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2021.*

TERCEIRO.- Facultar ao alcalde para a sinatura do convenio xunto co representante da Fundación Amigos de Galicia.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TOÉN E A FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE DESENVOLVEMENTO DO 'PLAN INTEGRAL DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL. ANO 2021' (EXP. 188/2021)

O presente convenio formalízase coa consideración de documento administrativo público para os efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante firma electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

INTERVEÑEN

Concello de Toén



Dunha parte, don Ricardo González Gómez, alcalde do Concello de Toén, actuando en nome e representación do Concello de Toén, con CIF P3208200J.

*Doutra parte, don Jesús Busto Peteiro con DNI ***0610**, como representante autorizado da Fundación Amigos de Galicia, con CIF G15859911, segundo consta na escritura de elevación a público de acordos sociais núm. 850 do 21.07.2014, outorgada pola Sra. Notaría de Vilagarcía de Arousa dona Marina González Martínez.*

O secretario-interventor do Concello de Toén don Carlos Javier Fernández Fernández, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a firma do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, limítase a comprobar a identidade dos intervinientes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das firmas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos asinantes non foron revogados e que non houbo modificacións no documento, actuacións que se realizan a través do xestor de expedientes Xestiona.

Ambas as partes recoñécense plena capacidade para levar adiante o presente convenio e

MANIFESTAN

- Primeiro.-** *Que o Concello de Toén considera un dos seus obxectivos prioritarios a loita contra a pobreza e a exclusión social dos veciños do concello pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade social.*
- Segundo.-** *Que a Fundación Amigos de Galicia ten como misión principal a atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social. Para esta finalidade desenvolve un programa de atención inmediata, de cara a conseguir dar resposta ás necesidades básicas das persoas demandantes de axuda en situación constatada de necesidade en coordinación cos departamentos de servizos sociais dos concellos.*
- Terceiro.-** *Que as dúas partes consideran esencial o establecemento de accións fronte á loita contra a pobreza e a exclusión social dos veciños do Concello de Toén pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade social, estando acreditada a interese pública, social e humanitaria da actividade obxecto da subvención.*
- Cuarto.-** *Que a Fundación Amigos de Galicia cumpre cos requisitos para ser beneficiaria da concesión de subvencións conforme co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ourense.*

ACORDAN

Subscribir o presente convenio de colaboración con sometemento ás seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- *O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre o Concello de Toén e a Fundación Amigos de Galicia para o financiamento dos gastos de desenvolvemento do **Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social ano 2021**, no cal se leva a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas, sendo de interese público, social e/ou humanitario. Os beneficiarios serán familias do Concello de Toén, as cales serán seleccionadas a proposta dos servizos sociais municipais, dando prioridade a aquelas familias entre*

cuxos membros se atopen menores de idade. A vixencia deste convenio esténdese desde a súa sinatura ata o día 31/12/2021.

Segunda.- *As principais beneficiarias das axudas expostas neste convenio son persoas pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade social, entre os que se encontran **mulleres vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais, parados de longa duración e menores en situación ou risco de exclusión social, traballando pola integración laboral das persoas usuarias do programa, como solución real á situación de necesidade na que se atopan.***

Terceira.- *A actividade a subvencionar é a distribución dos produtos, e os custos que supón, para as persoas necesitadas do Concello de Toén, concedéndose a cantidade de 750,00 €, con cargo á aplicación 231.48 do estado de gastos do orzamento municipal do 2021, conforme o acordado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Toén na sesión de data*

Cuarta.- *O beneficiario comprométese a destinar a devandita subvención á realización da actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula primeira.*

Quinta.- *De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 17/12/2021 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:*

- a. *Memoria relativa aos gastos financiados con cargo á subvención concedida, co detalle do seu importe, proveedor e concepto. Xuntarase unha copia electrónica das facturas coa xustificación do seu pagamento.*
- b. *Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtivesen para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- c. *Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia) e de Seguridade Social.*

O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia de colaboración económica do Concello de Toén, nas condicións que lle sexan fixadas polo Concello. Asemade, o Concello fará constar na súa publicidade a colaboración da Fundación Amigos de Galicia.

O pagamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta designada pola beneficiaria. Só se procederá ao libramento da subvención concedida previa a xustificación polo beneficiario do gasto realizado nos termos e coas formalidades sinalados nesta cláusula.

Non obstante o anterior, poderanse realizar pagamentos anticipados até un máximo do 70% da cantidade subvencionada, que se considerarán como entregas de fondos con carácter previo á xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non acredite que se atope ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvencións.

Sexta.- *A subvención prevista neste convenio é compatible con calquera outra que poida percibir a Fundación Amigos de Galicia polo mesmo concepto, sen prexuízo de que o importe total das subvencións percibidas non poida exceder do custo da actividade subvencionada.*

Sétima.- *Procederá o reintegro ou a perda do dereito á subvención, segundo proceda, por concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Nos supostos nos que da xustificación se deduza que a entidade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do gasto realizado para o obxecto da subvención regulada neste convenio, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.*

O incumprimento das súas obrigas por parte da entidade beneficiaria poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

Oitava.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvenciones, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección de los datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A concesión da subvención será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Toén, <https://concellodetoen.sedelectronica.es/>, apartado “Axudas e subvencións”.

Novena.- Son causas de resolución, as previstas na normativa que lle resulta de aplicación, e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- A aplicación dos fondos outorgados para outro fin distinto dos contemplados e que motivaron a súa concesión.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O impedimento ou dificultade para o Concello en caso de inspección.
- A disolución da Fundación ou calquera outra causa que impida unha correcta aplicación deste convenio.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Décima.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas na interpretación das súas cláusulas se aplicarán as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Con carácter supletorio aplicarase a lexislación de contratos do sector público. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran aparecer na aplicación do presente convenio corresponderá á Xunta de Goberno do Concello de Ourense, previos os informes preceptivos. Corresponderá aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que podan aparecer como consecuencia do presente convenio.

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do alcalde.

(Documento asinado electronicamente)

